Segundo.- O art. 152.1 LSG establece que *“cando se estivera realizando algún acto de uso do solo ou do subsolo sen o título habilitante esixible en cada caso ou sen axustarse ás condicións sinaladas no mesmo, a persoa titular da Alcaldía disporá a suspensión inmediata de ditos actos e procederá a iniciar o expediente de reposición da legalidade, comunicándollo ao interesado.”*

Pola súa parte, o art. 379 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG) dispón que *“o acordo de iniciación deberá notificarse ás persoas interesadas, que disporán dun prazo de quince días hábiles para formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes”*.

Terceiro.- A Disposición Transitoria 1ª LSG, no seu apdo. 1 c), establece que ao solo clasificado como *“núcleo rural”* polo planeamento aprobado definitivamente antes da entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, como é o caso do Concello de Porto do Son, *“aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás cales será de aplicación o previsto no art. 40 da presente lei”*.

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Iniciar un procedemento de reposición da legalidade urbanística pola execución das obras de incremento da altura do muro de peche dunha parcela situada no lugar de Eiravedra (Goiáns), coa referencia catastral 4029507NH0342N0001ZA, sendo o presunto promotor das obras D. J**.

SEGUNDO.- Notificar este acordo aos interesado e outorgarlles un prazo de quince días hábiles para que poidan realizar as alegacións e presentar os documentos e informacións que estimen convenientes ao seu dereito e, no seu caso, propoñer a práctica de proba concretando os medios de que pretendan valerse.”



3.7) DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA E INICIO DUN NOVO PROCEDEMENTO DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en data 04/08/2008, outorgoulle a D^a. C** licenza de obra para a construción dun galpón de 24 m² nunha parcela situada en Tarrío – Queiruga coa referencia catastral 7947611MH9274N0001GO, con suxeición ás seguintes condicións:

- A altura máxima do alpendre será de 3,5 metros.
- A superficie máxima edificada será de 24 m².
- O recuado a vías públicas será como mínimo de 8 metros.
- Está prohibido o uso vivideiro.
- Está prohibido deixar materiais vistos para seren revestidos.
- A cubrición será con tella do país.

Segundo.- Os servizos técnicos municipais xiraron visita de inspección da construción o 30/04/2012, emitindo informe no que se fai constar:

“(…)

10. AXUSTE DAS OBRAS ÁS CONDICIÓNS DA LICENZA CONCEDIDA:

A construción non cumpre as seguintes condicións da licenza concedida en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 4 de agosto de 2008:

- *O retranqueo ás vías públicas será como mínimo de 8 m.*
- *Está prohibido deixar materiais vistos para seren revestidos.*
- *A cubrición será con tella do país.*

11. POSIBILIDADE DE LEGALIZACIÓN:

Á vista das condicións da edificación expostas no presente informe, a construción non sería legalizable.”

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, en data 07/09/2015, acordou iniciar un expediente de reposición da legalidade urbanística pola execución das obras de construción do galpón sen axustarse ás condicións da licenza urbanística outorgada.

Así mesmo, acordouse outorgarlle aos interesados un prazo de quince días hábiles para que puidesen alegar o que estimen oportuno sobre a compatibilidade ou incompatibilidade das obras coa normativa urbanística aplicable e solicitar, se é o caso, a legalización das obras.

Cuarto.- O 30/10/2015 D^a. C** presentou escrito de alegacións no que, en síntese, manifesta:

- cando solicitou a licenza de obra achegou escrito asinado por D^a. M** consentindo a construción do galpón sen necesidade de gardar recuamento.



- Hai un informe favorable do técnico municipal de data 30/06/2008 no que se basea a Xunta de Goberno Local para acordar o levantamento da suspensión das obras e a concesión da licenza de obra para construír o galpón.
- A construción está recuada máis de 8 metros da vía pública e, ademais, o Plan Xeral aprobado provisionalmente non contempla ningunha vía pública da que haxa que recuar.
- A Lei 9/2002, do 30 de decembro, dispón no seu art. 210 que se tomará como data de finalización das obras a que resulte da comprobación da Administración actuante e que, transcorrido o prazo de caducidade de 6 anos sen que se houberen adoptado as medias de restauración da legalidade urbanística, as obras quedarán en situación de fóra de ordenación.

Quinto.- Transcorrido máis dun ano desde o inicio do expediente de reposición da legalidade urbanística, non se resolveu o procedemento.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O art. 209.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) dispoñía que os procedementos de reposición da legalidade urbanística debían resolverse no prazo dun ano a contar desde a data do acordo de iniciación. Transcorrido ese prazo, de acordo co sinalado polo art. 44 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, vixente no momento de iniciarse o procedemento, este debe declararse caducado e proceder ao arquivo das actuacións.

Segundo.- O art. 153 LSG establece que *“de estaren rematadas as obras sen licenza ou incumprindo as condicións sinaladas nela ou na orde de execución, o alcalde ou alcaldesa, dentro do prazo de seis anos, a contar desde a total terminación das obras, incoará expediente de reposición da legalidade, procedendo segundo o disposto no artigo anterior. Tomarase como data de terminación das obras a que resulte da súa efectiva comprobación pola Administración actuante, sen prexuízo da súa acreditación por calquera outro medio de proba válido en dereito”*.

Debe tomarse como data de terminación das obras de construción do galpón a da súa efectiva comprobación polo concello, o que se verificou polos servizos técnicos o 30/04/2012, polo que aínda non transcorreu o prazo de caducidade de seis anos para o inicio do obrigado procedemento de reposición da legalidade urbanística .

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Declarar a caducidade do expediente de reposición da legalidade urbanística iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/09/2015 pola execución de obras consistentes na construción dun galpón na parcela situada no lugar de Tarrío, 22 – Queiruga, e que ten a referencia catastral 7947611MH9274N0001GO, por non axustarse ás condicións da licenza urbanística que lle fora outorgada pola Xunta de Goberno Local o 04/08/2008.

SEGUNDO.- Iniciar un expediente para a restauración da legalidade urbanística vulnerada pola execución das obras rematadas sen licenza consistentes na construción dun galpón na parcela situada no lugar de Tarrío, 22 – Queiruga, e que ten a referencia catastral 7947611MH9274N0001GO, por non axustarse ás condicións da licenza urbanística que lle fora outorgada pola Xunta de Goberno Local o 04/08/2008, e sendo a promotora da obra D^a. C^{**}.



TERCEIRO.- Declarar a conservación no dos actos e trámites realizados no procedemento de reposición da legalidade urbanística que se declara caducado no apdo. PRIMEIRO deste acordo, sinaladamente os informes emitidos polos servizos municipais.

CUARTO.- Notificar este acordo aos interesado e outorgarlles un prazo de quince días hábiles para que poidan realizar as alegacións e presentar os documentos e informacións que estimen convenientes ao seu dereito e, no seu caso, propoñer a práctica de proba concretando os medios de que pretendan valerse.”

3.8) RESOLUCIÓN DE PROCEDEMENTO DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

ANTECEDENTES

Primeiro.- O 13/06/2014 a Policía Local informou que se estaban a executar, sen dispor da preceptiva licenza municipal, as obras consistentes na construción dun muro de bloques de formigón de 70 m de longo e 2,10 m de altura na parcela que ten a referencia catastral 15072A03001906, situada a carón da pista que comunica o lugar de A Coviña – Xuño.

A Policía Local informou que o presunto promotor das obras era D. R**, constando como titular catastral da parcela D^a. M**.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, en data 07/07/2014, acordou iniciar un expediente de reposición da legalidade urbanística pola execución das obras rematadas sen licenza descritas no parágrafo anterior.

Así mesmo, acordouse outorgarlle aos interesados un prazo de quince días hábiles para que poidan alegar o que estimen oportuno sobre a compatibilidade ou incompatibilidade das obras coa normativa urbanística aplicable e solicitar, se é o caso, a legalización das obras.

Terceiro.- Os servizos técnicos municipais emitiron informe o 28/11/2014 indicando:

*“A finca na que se fixo a ampliación en altura do muro de peche está incluída no ámbito de protección do POL, segundo o plano BC-04 do Modelo de Xestión da cartografía do POL. MELLORA AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA. **USO COMPATIBLE POLO QUE NECESITARÍA AUTORIZACIÓN DO POL.***

INFORMO:

*PRIMEIRO: Os peches e valados serán preferentemente vexetais, sen que os realizados con material opaco de fábrica sobrepasen a altura de 1 m, agás en parcelas edificadas, onde poderán alcanza 1,50 m. En todo caso, deben realizarse con materiais tradicionais do medio rural no que se empracen, non permitíndose o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados na forma que regulamentariamente se determine. **NON CUMPRE.**”*

Cuarto.- O 04/12/2014 D^a. O** presentou escrito de alegacións no expediente de referencia indicando, en síntese que:

- é a propietaria da parcela na que se executaron as obras na súa calidade de herdeira única de D^a. P**.



- a vivenda existente na parcela ten unha antigüidade de 120 anos e estivo rodeada desde sempre dun muro de peche.
- no ano 1971 ergueuse un muro de bloque na cara norte que pecha a parcela por ese costado, de xeito que non se pode falar da construción dun novo muro senón dun arranxo do existente con elevación da súa altura mediante a colocación de 4 filas máis de bloques.
- as actuacións de arranxo do muro acometéronse debido ao gran deterioro que presentaba, con perigo de derruba.
- o único motivo de elevación do muro foi a preservación da intimidade da vivenda.
- a altura do muro, se se fai a medición desde o interior da parcela, non sobrepasa os 1,5 metros, como consecuencia dos sucesivos recheos de terra.
- remata solicitando a legalización da obra.

Quinto.- Transcorrido máis dun ano desde o inicio do procedemento sen que se ditase resolución, a Xunta de Goberno Local acordou o 31/03/2016 declarar a caducidade do expediente de reposición da legalidade urbanística iniciado o 07/07/2014 e, tendo en conta que non transcorrera o prazo de caducidade de 6 anos para o exercicio da reposición da legalidade urbanística, iniciar un novo expediente de reposición da legalidade urbanística polos mesmos feitos descritos.

A Xunta de Goberno Local, así mesmo, declaraba a conservación dos trámites realizados no procedemento declarado caducado, sinaladamente os informes emitidos polos técnicos municipais.

O anterior acordo notificóuselle á interesada o 22/04/2016, sen que realizase alegación ningunha.

Sexto.- O 18/05/2016, a Xunta de Goberno Local outorgou a D^a. O** trámite de audiencia por un prazo de 15 días hábiles, séndolle notificado o acordo o 30/05/2016.

Durante o prazo outorgado a interesada realizou as alegacións que, en síntese, son as seguintes:

- non se trata de obras de construción dun muro, posto que este data de 1971, constando no Catastro a súa existencia.
- Non se trata dun muro de formigón, senón de bloque de “bovedilla”.
- O muro elevouse en altura con 4 filas de bloque, sendo esta a única obra de construción realizada.
- O muro estaba moi deteriorado e con risco de caída e, ao reparar as súas gretas, aproveitouse para elevalo pouco máis de 50 cm, coa finalidade de preservar a intimidade da vivenda.
- Por erro non se solicitou licenza de obra para elevar o muro.
- A elevación do muro non causa prexuízos a terceiros, existindo no concello, nun radio de poucos metros, peches de altura similar.
- Solicítase que non se obrigue á demolición das 4 filas de bloque, pois con iso non se modificaría nin a fisonomía nin o impacto sobre o terreo.



Sétimo.- A Secretaría do concello emitiu informe o 20/03/2017 no que conclúe que as obras de elevación do muro de peche non se adecúan á normativa urbanística ao infrinxir as condicións relativas a altura, materiais e acabado previstos no punto B.2 do art. 4.2.3 da Normativa PXOM nin resultan legalizables.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución do expediente, de conformidade coa delegación de competencias efectuada pola Alcaldía mediante o decreto núm. 406/2015, do 18 de xuño.

Segundo.- Á parcela na que se executaron as obras de elevación en altura do muro de peche está clasificada polo Plan Xeral como “solo de núcleo rural común. Grao 2” e, segundo establece a Disposición Transitoria 1ª, apdo. 1 c) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) ao solo clasificado como “núcleo rural” polo planeamento aprobado definitivamente antes da entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, como é o caso do Concello de Porto do Son, “aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás cales será de aplicación o previsto no art. 40 da presente lei”.

Terceiro.- A Secretaría do concello emitiu informe o 20/03/2017, que se incorpora como fundamentación a este acordo, sinalando:

“CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- Á parcela na que se executou a obra, no momento de realizarse esta, estaba clasificada polas Normas Subsidiarias do Planeamento como “solo non urbanizable común”, resultándolle aplicable a clasificación como “solo rústico ordinario”, a teor do disposto na Disposición Transitoria 1ª LOUG.

Logo da entrada en vigor da LSG e da aprobación do PXOM de Porto do Son, a parcela clasificouse como “solo de núcleo rural común. Grao 2” e, de conformidade co previsto na Disposición transitoria 1ª, apdo. 1c) LSG “ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás cales será de aplicación o previsto no artigo 40 da presente lei”.

Segunda.- O procedemento para a reposición da legalidade urbanística vén motivado pola execución das obras de elevación dun muro de peche sen dispor de licenza urbanística. O art. 153.1 LSG dispón que “se estiveran rematadas as obras sen licenza, comunicación previa ou orde de execución, ou incumprindo as condicións sinaladas nas mesmas, a persoa titular da alcaldía, dentro do prazo de seis anos, a contar desde a total terminación das obras, iniciará expediente de reposición da legalidade, procedendo segundo o disposto no artigo anterior [art. 152 LSG]”

Cómpre indicar que, de conformidade co previsto no art. 142.3 LSG e no art. 360.3 j) RLSD a construción de muros de peche (non muros de contención) estará suxeita ao réxime de comunicación previa.

Terceira.- O PXOM regula no apdo. 7.2.2 da Normativa as condicións xerais de ordenación e edificación no solo de núcleo rural (SNR), remitindo no relativo ás condicións dos peches ao previsto nos puntos B.2 e C.4 do art. 4.2.3 da Normativa PXOM.

O punto B.2 do art. 4.2.3 da Normativa urbanística sinala que nos núcleos rurais os peches de parcelas a vías ou espazos públicos terán as seguintes condicións:

- Unha altura máxima de 1,50 m na súa parte opaca, podendo acadar os 2,5 m con elementos diáfanos (proteccións diáfanos esteticamente acordes co lugar, pantallas vexetais ou solucións



semellantes), admitíndose a construción de peches sobre a aliñación oficial cando tivese lugar a derruba dunha edificación e non estivese prevista a construción inmediata.

- *Os edificios que requiran especiais medidas de seguridade ou ambientais poderán axustar o peche ás súas necesidades coa autorización municipal.*
- *Os peches deberán ser de materiais que garantan a súa estabilidade e conservación en bo estado e ter un acabado acorde ou non disonante co contorno. Non se permite o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica agás que sexan debidamente revestidos e pintados. Nos núcleos rurais deben realizarse con materiais tradicionais do medio rural no que se localicen.*
- *Nos lindeiros laterais aplicaranse as condicións expostas. Tratándose de parcelas en pendente, permítese superar, puntualmente, a altura establecida en, como máximo, un 10% en calquera punto.*

O punto C.4 do art. 4.2.3 da Normativa PXOM refírese ás condicións de peche de parcelas lindeiras con estradas de titularidade autonómica, o que non resulta aplicable ao suposto.

Debe indicarse que a parcela na que se executou a obra se atopa situada nunha área de “mellora ambiental e paisaxística” polo que ao tratarse dun uso cualificado como “compatible” polo POL nese ámbito (art. 55.2 POL) precisa do informe previo e vinculante do organismo autonómico competente en materia de paisaxe (art. 51.3 POL).

Cuarta.- *Contra o exposto no apartado anterior, a interesada formula unha serie de alegacións que deben desestimarse polos seguintes motivos:*

- *Como afirma a interesada, as obras que motivaron o inicio do procedemento de reposición da legalidade urbanística non son de construción dun muro, pero si resulta acreditado polo informe da Policía Local do 13/06/2014 que se procedeu á elevación dun muro existente, dunha altura aproximada de 1,3 m, ata os 2,10 m.*

Este feito, por outra banda, é recoñecido pola propia interesada, así como o feito de que o muro existente se elevou coa adición de bloques de formigón sobre o valado orixinario.

- *Non se discute o estado de conservación no que se atopaba o muro existente ao acometer ás obras, pero resulta acreditado que nin se solicitou licenza urbanística nin se presentou comunicación previa para acometer as obras de reparación das gretas ou para elevar o muro.*
- *En canto á cualificación como erro do feito de non solicitar licenza urbanística ou, posteriormente, presentar comunicación previa, resulta acreditado que a interesada, desde que lle foi notificada a orde de paralización o 19/06/2014, non realizou ningunha actividade tendente á regularización do indebidamente construído. A maiores, como di reiteradamente o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia “falar de inexistencia de culpa e invocar unha actuación de boa fe está totalmente fóra de lugar cando se leva a cabo unha construción carecendo de licenza ou autorización” (sentenza nº 88/2005, do 06/10/2005).*
- *A eventual inexistencia de prexuízos a terceiros non pode xustificar a infracción das normas urbanísticas.*
- *Contra o manifestado pola interesada, a elevación dun muro de bloque de formigón de 1,3 m ata unha altura de 2,1 metros está modificando e afectando de xeito indubidable á fisonomía do terreo e causando un apreciable impacto no medio rural no que se sitúa. Precisamente para evitar este tipo de impactos, o PXOM limita a altura da parte opaca dos muros en SNR a 1,5 m unicamente permite o emprego de bloques de formigón ou material de fábrica se se revisten e pintan, na busca da maior integración no ambiente. Ao respecto, o art. 91 LSG, norma de aplicación directa, impón a obriga de que as construcións e instalacións se adapten ao ambiente no que se sitúan, especificando que os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración no entorno e na paisaxe.*



CONCLUSIÓNS

As obras de elevación do muro de peche da parcela con referencia catastral 15072A03001906 non se adecúan á normativa urbanística ao infrinxir as condicións relativas a altura, materiais e acabado previstos no punto B.2 do art. 4.2.3 da Normativa nin, en consecuencia, resultan legalizables.”

Cuarto.- O art. 152.1 LSG dispón que “se estiveran rematadas as obras sen licenza, comunicación previa ou orde de execución, ou incumprindo as condicións sinaladas nas mesmas, a persoa titular da alcaldía, dentro do prazo de seis anos, a contar desde a total terminación das obras, iniciará expediente de reposición da legalidade, procedendo segundo o disposto no artigo anterior”.

Pola súa banda, o art. 152.3 a) LSG establece que “instruído o expediente de reposición da legalidade e previa audiencia do interesado, adoptarase algún dos seguintes acordos:

- a) *Se as obras non foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición a custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos a que deran lugar ou, no seu caso, á reconstrución do indebidamente demolido. Se os usos non foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a cesación dos mesmos”.*

Visto canto antecede,

RESOLVE

PRIMEIRO.- Ordenar, de conformidade co establecido polo art. 152.3 a) LSG, a D^a. O** a demolición das obras de elevación do muro de peche existente na parcela situada no lugar da Coviña – Xuño, que ten a referencia catastral 15072A03001906, por tratarse de actuacións non autorizables en solo de núcleo rural de conformidade co previsto no punto B.2 do art. 4.2.3 da Normativa do PXOM e resultar, en consecuencia, incompatibles co ordenamento urbanístico.

SEGUNDO.- Outorgar ao interesado un prazo dun (1) mes, a contar desde a notificación desta resolución, para proceder á reposición da legalidade urbanística cumprindo coa orde dada.

Advírtese expresamente ao obrigado de que, en caso de incumprimento da orde de cesación do uso se procederá á execución forzosa da resolución polo concello mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha, con arranxo ao disposto no art. 152.6 LSG. Todo iso sen prexuízo da imposición das sancións que procedan.

Todo o exposto entenderase sen prexuízo do inicio do correspondente procedemento sancionador por infracción á normativa urbanística.

TERCEIRO.- Notificar este acordo aos interesados indicándolle o réxime de recursos aplicable.”

3.9) EXECUCIÓN FORZOSA DE PROCEDIMENTO DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**



“ANTECEDENTES

Primeiro.- O 14/02/2014 a Xunta de Goberno Local resolveu o expediente de reposición da legalidade urbanística iniciado contra D. J** o 03/08/2013 pola execución das obras consistentes na pavimentación con lastro, construción dunha grella, instalación dunha latrina e fregadeiro, instalación dun toldo e execución dun peche na parcela situada na Travesía de Coira (Portosín) coa referencia catastral 4138704NH0343N0001QT sen dispor da preceptiva licenza urbanística, ordenando a demolición das obras de pavimentación e construción dunha grella e requiríndoo para a legalización das obras de instalación do fregadeiro e do peche da parcela.

Así mesmo, advertíase que en caso de incumprimento do ordenado a Xunta de Goberno Local procedería á execución subsidiaria ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, consonte ao previsto no art. 209.6 LOUG.

Segundo.- Contra a resolución citada no parágrafo anterior, o interesado interpuxo recurso de reposición que a Xunta de Goberno Local, en data 14/04/2014, acordou estimar parcialmente, resolvendo requirir ao interesado para que no prazo de 3 meses solicitase a licenza urbanística para a legalización das obras de construción da grella e de colocación do pavimento de lastro.

Nese mesmo acordo advertíase ao interesado de que en caso de ser desatendido o requirimento de legalización ou ben ter que denegarse esta, se ordenaría a demolición das obras a custa do interesado e impediríanse definitivamente os usos a que desen lugar.

A anterior resolución foi notificada ao Sr. L** o 19/05/2014, sen que contra a mesma formulase recurso de ningún tipo, devindo aquela firme.

Terceiro.- O 21/08/2014 o interesado presenta unha instancia no Concello de Porto do Son expoñendo:

- Que solicita licenza urbanística para a legalización da grella e da colocación de pavimento.
- A instalación da grella e a colocación de pavimento de lastro, pola súa escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica, debe considerarse legalizable sen necesidade de proxecto técnico.

Conclúe o seu escrito o Sr. L** solicitando que lle fose outorgada licenza urbanística para a legalización das obras indicadas

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local, tendo en conta que o interesado deixou transcorrer o prazo outorgado para instar a legalización das obras de instalación do fregadeiro e do peche da parcela sen realizar actividade ningunha tendente a ese fine e que a instancia presentada para legalizar a colocación da grella e a instalación de pavimento de lastro foi presentada fóra do prazo outorgado para tramitar a súa legalización e, ademais, non reunía os requisitos mínimos esixibles, resolveu o 16/01/2015:

“PRIMEIRO.- Ordenar a D. J** a demolición das obras consistentes na construción dunha grella e na colocación de pavimento de lastro na parcela con referencia catastral 4138704NH0343N0001QT, situada na Travesía de Coira (Portosín), de conformidade co disposto no art. 209.3 LOUG, en relación co art. 210 da mesma norma, e impedir definitivamente os usos a que dese lugar.

SEGUNDO.- Outorgar ao interesado un prazo de un mes, a contar desde a recepción desta notificación, para proceder á reposición da legalidade urbanística, advertíndolle que, de non facelo se procederá á



execución forzosa da mesma polo concello mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha, con arranxo ao disposto no art. 209.6 LOUG.

Todo iso sen prexuízo da imposición das sancións que procedan.

TERCEIRO.- *Notificar este acordo aos interesados indicándolle o réxime de recursos aplicable."*

A anterior resolución foi notificada ao interesado o 27/01/2015, sen que contra a mesma formulase recurso de ningún tipo, devindo aquela firme.

Quinto.- A Policía Local, logo de xirar visita de inspección á parcela con referencia catastral 4138704NH0343N0001QT, emitiu informe o 23/03/2017 facendo constar que ao día da data, non se cumprira a orde de demolición.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Disposición Transitoria 3ª da Lei 39/2015, do 1 de outubro, reguladora do procedemento administrativo común de las Administracións Públicas (LPAC) dispón na súa letra d) que "*os actos e resolucións pendentes de execución á entrada en vigor desta lei rexeranse para a súa execución pola normativa vixente cando se ditaron*".

Segundo.- O art. 209.6 LOUG establece que "*en caso de incumprimento da orde de demolición, a Administración municipal procederá á execución subsidiaria da mesma ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha*".

No presente suposto, existindo un acto administrativo firme e definitivo que ordena a D. J** a demolición das obras de construción dunha grella e de colocación de pavimento de lastro na parcela con referencia catastral 4138704NH0343N0001QT, situada na Travesía de Coira (Portosín), resulta plenamente acreditada unha manifesta e deliberada vontade de incumprimento do ordenado pola Administración, que se materializa no mantemento das obras declaradas ilegais.

En consecuencia, estímase conveniente e necesario para facer cumprir as resolucións administrativas que obrigan á reposición da legalidade urbanística, acudir aos medios de execución forzosa legalmente previstos.

Visto canto antecede,

RESOLVE

PRIMEIRO.- Impor a D. J** unha multa coercitiva por importe de 1.000,00 euros polo incumprimento da orde de reposición da legalidade urbanística dada pola Xunta de Goberno Local o 16/01/2015, en relación coa construción dunha grella e de colocación de pavimento de lastro na parcela con referencia catastral 4138704NH0343N0001QT sen dispor da preceptiva licenza urbanística.

En caso de incumprimento da obriga de reposición da legalidade, procederáse á imposición de sucesivas multas coercitivas cunha periodicidade mensual, en contía de 1.000 a 10.000 euros.

Así mesmo, de persistir o incumprimento, darase traslado á Fiscalía ou ao Xulgado de Instrución competente pola posible comisión dun delito de desobediencia grave á autoridade, do que expresamente se o percibe.



SEGUNDO.- Notificar a presente resolución aos interesados con expresión do réxime de recursos aplicable.”

4. ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓNNS.

A Xunta de Goberno Local, en uso da competencia conferida polos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 52, 53 e 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) , segundo os cales lle correspóndelle á Xunta de Goberno Local como atribución propia e indelegable a asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións aparte das atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle poidan delegar; procede a prestar a asistencia ao Alcalde- Presidente no exercicio das súas atribucións, sendo informada neste momento de todas as decisións de goberno do Alcalde- Presidente dende a anterior Xunta de Goberno Local.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as **10:50 horas**, do día **23 de marzo de 2017**, de todo o que se estende a presente acta da que eu, como secretario, dou fe.

O ALCALDE- PRESIDENTE,

Asdo. José Luis Oujo Pouso.

O SECRETARIO,

Asdo. José Manuel González García